

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

ACTA Nº 2023/11
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 21 DE SETEMBRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA (ALCALDE-PRESIDENTE)

ASISTEN:

DNA OLALLA BENLLOCH LEMA

D. JAVIER ROMAR ALVARELLOS

DNA. PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

D. FELIPE VILELA VILELA

DNA. SANDRA VILELA RIVEIRO

DNA. SOFIA LOPEZ SIMON

DNA. ROSARIO GONZALEZ LEMA

DNA. MERCE BARRIENTOS VARELA

D. JAVIER SAR ROMAR

DNA. AURELIA PICALLO MERLAN

SECRETARIO/A:DNA. ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: DNA. ROSA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva

1.- Aprobación acta sesión anterior

Dna. Merce Barrientos manifesta que na acta da sesión de 20 de xullo de 2023, no punto 8, faise constar o seu voto a favor, cando en realidade abstívose.

Quere tamén que conste en acta que a súa pregunta sobre o funcionamento das depuradoras do Concello o Alcalde respondeulle que moitas estaban en mal estado ou sen funcionamento.

2.-Toma de razón do escrito de dimisión de Dna. Sofía López Simón ao seu cargo de concelleira e adopción acordos que procedan segundo a LOREG.

A Secretaria explica que este punto xa non ten obxecto pois estaba previsto en relación á renuncia de Dna Sofía López ao seu cargo de concelleira, pero que despois de convocarse o Pleno, Dna Sofía López presentou escrito no que revocaba tal renuncia, e que de acordo coa xurisprudencia do TC, ata o toma de razón polo Pleno do escritos de renuncia dos concelleiros/as, estos son revocables.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

Dna Sandra Vilela intervén: “Sofía, estou moi orgullosa de que esteas aquí hoxe, e es moi libre de decidir dimitir ou non. Con quen o ten que comentar é co seu grupo e vostede Sr Toba o que ten e unha rabieta e quere manipular a democracia e teño que lembrarlle que foron os vecinos quen decidiron que o PSOE perdese a maioría absoluta, e fala nunha nota de prensa de xogo de trileiros e iso era o que vostede quería facer ao aproveitar a circunstancia da dimisión dunha concelleira para levar a proposta de dúas dedicacións exclusivas que xa foron rexeitadas polo pleno. A Sra Sofía López foi elixida polo pobo e está aquí exercendo a súa labor de concelleira. Neste pleno van a tratarse temas de moita relevancia e parécenos importante que toda a nosa representación estexa neste pleno e por iso lle pedin a Sofía que esperase un pouco para a súa renuncia porque hoxe a precisaba aquí, e quero por en valor a resposta de Sofía que foi directamente que contase con ela e por elo doulle as grazas por primar o seu compromiso por Muxía, e cando nos deixes neste ámbito, de ser concelleira, perderemos nós e Muxía unha gran concelleira.”

A continuación intervén D Javier Sar (IxM): Non nos opoñeremos ás decisións dos representantes doutro grupo político.”

O Sr Alcalde manifesta: “Á despedirme pero teño que darlle a benvida alegrándome de que os “motivos persoais” se difuminasen nestes 7 días. A situación é grave, non sei se é mais grave xogar con motivos persoais e tratar de facer política ou tratar de tonta á xente. O que antes se chamaba crisis de goberno agora o chaman asuntos persoais, e como a aprecio voulle dar un consello: faga o que faga que ninguén lle volva a facer pasar por este bochorno público. Cando se deron conta de que se podía aprobar o soldo dos concelleiros reuníronse con outros nunha zoa na que estaba eu e o único que lles preocupaba era según dicían; non podemos consentir isto, dille a Sofía que non dimita. Dimitiu e aos tres días, como Jesús, resucita. Isto é unha telenovela muxiana.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: “Gustaríalle que a dimisión de Sofía fose unha crise de partido pero non foi así, e debíase desgraciadamente a motivos persoais que non ímos explicar. O retorno

de Sofía amosa que non hai crise algunha e bochorno, será o que pasa vostede insultando nas redes sociais, faltando ao respecto á xente. Lamento que os plans lle saíran mal pero isto é democracia e os que estamos aquí estamos elixidos pola veciñanza.”

O Sr. Alcalde volve a intervir: “O tempo, coma sempre, darame a razón. Volve a decirlle a Sofía: Volta da filla pródiga, que me encanta que estea hoxe aquí.”

3.- Ordenanza municipal de Administración Electrónica (Proxecto Concello Dixital)

A Secretaria explica que todos os grupos municipais teñen copia da Proposta neste Punto, dictaminada favorablemente en Comisión informativa..

Sen xerarse debate, e por unanimidade o Pleno acorda:

Aprobar a Ordenanza municipal da Administración electrónica recollida en anexo a este acta.

Proceder a súa publicación no BOP durante un periodo de 30 días.

Considerar definitivamente adoutado este acordo se non se producen reclamacións no periodo de exposición pública.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

4.-Proposta dedicacións exclusivas

A Secretaria explica que todos os grupos municipais teñen copia da Proposta neste Punto, dictaminada favorablemente en Comisión informativa.

Inicia o debate o Sr. Alcalde: “ Vostedes votaron a favor de que unha concelleira, que non viña nunca, seguise con retribucións e dixeron que era por dignidade, e por iso quero que estas dúas persoas, que veñen traballar en situacións moi complicadas e que deciden seguir facendoo pese a non ter retribucións, as teñan, e traereino sempre a Pleno por dignidade, ética, compañerismo e amizade.”

Intervén a voceira do PP: “ Non sei se nalgún momento conseguirá aprobar estos soldos, único obxectivo desta lexislatura, pero quero deixar clara a nosa postura. Cremos que tres dedicacións son excesivas, cando se presentan ás eleccións teñen un compromiso. O que tería que preocuparnos da concellería de obras é a iluminación do Santuario, a depuradora de Trasufre, os caminos de Frixe, o Saneamento de Frixe, que non acaban de arrancar. Preocúpanos desta concellería cando se vai a facer a auga de Suxo ou dar solución aos problemas da rede viaria do concello.

O mesmo pasa coa Concellería de Cultura, preocúpanos que non faga actividades o día das letras galegas, que non cumpra o mandato do Pleno sobre programa de actividades de López Abente, os problemas da escola de teatro, comenzo as actividades deportivas cando o curso escolar xa está en marcha.

Consideramos que falta traballo destes departamentos como para cobrar cada concelleiro.”

A continuación intervén D Javier Sar, grupo municipal IxM. “ Vostede non pode por a cantidade que cobran os concelleiros porque ao mellor discrepamos e vostede non ten maioría absoluta. Igual estamos de acordo con que cobren pero vostede ten que chegar a acordos e dende IxM trouxemos unha proposta que vostede non quixo mirar de dúas dedicacións parciais ou outra exclusiva.”

Intervén o Sr Alcalde: “ Sei que lle molestou que non quixera ver a súa proposta na que un concelleiro que ten a responsabilidade legal do que está a facer nesa concellería cobraría menos que o persoal ao seu cargo, e o que propoñía non chegaba casi ao SMI, e vostede, que é do mundo do mar sabe que un capitán cobra máis que os subalternos, non? Eu creo que a retribución debe ser digna e por elo non vou estudar nin avaliar a súa proposta.

Respecto ao que di o PP, cando foron ás eleccións autonómicas tiña un compromiso con Galicia pero vostede está a cobrar e quere cobrar pero vós Javier e Olalla, que tedes un compromiso tamén, non tedes a categoría dela para cobrar. Hai que ter poca ética política e institucional para cobrando máis de 4000 euros non querer que estos dous concelleiros cobren 1000.”

D Javier Sar volve a intervir: “ Se non escoitou a miña proposta non diga que era ridícula. Ademais respecto á súa pregunta sobre o soldo dun capitán refírome á empresa privada non pública.”

Contesta o Alcalde: “ Vostede non ten nin idea nestas cousas, quizá as teña noutras que frequenta habitualmente. A súa compañeira de grupo é directora dun colexio e pensa que cobra o mesmo cunha profesora normal?. Pois é empresa pública pero é normal porque a directora ten unas responsabilidades e por eso cobra máis.

Os argumentos que vostedes comentan acaban polo chan, non son válidos.”

Sometido o asunto a votación, a proposta de Alcaldía neste punto queda rexeitada polos votos en contra dos integrantes do grupo municipal PP(3), IxM (2) e mixto-BNG (1). Os integrantes do grupo municipal PSOE (5) votan a favor.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

5.-Proposta POS Adicional 2/2023

A Secretaria explica que todos os grupos municipais teñen copia da Proposta neste Punto, dictaminada favorablemente en Comisión informativa..

Incia o debate a voceira do grupo municipal PP, Dña Sandra Vilela : “Este POS con 290.000 euros vaixe a gasto corrente e no próximo punto vai unha modificación de crédito de máis de 700.000 euros o que da un total de casi 1 millón do diñeiro público . Esos 290.000 poderían destinarse a facer camiños , saneamento..., pero pola súa pésima xestión económica teñen que ir a gasto corrente. Levamos dous anos sen orzamento . O PP sempre mantivo a postura de que o diñeiro que ven de fora non se perda e por iso imos abstermos.”

A continuación intervén D. Javier Sar: “ Imos abstermos pero queremos advertir que se os seguintes POS non se pacten coa oposición, votaremos en contra.”

Seguidamente intervén Dña Merce Barrientos: “ Agradecería que nos centrásemos nos asuntos do Pleno, nas cousas importantes para os veciños, levamos 2 horas nunha parodia sen trascendencia. Dous anos sen orzamento revela só a falta de traballo. Como os orzamentos non están feitos hai que estar acudindo a estos parches o que non é normal. Non entendo como despois de catro anos no goberno, o quinto ano sigamos sen orzamento e sen partidas para o previsto para gasto corrente. É unha mala xestión e pode mellorar. Cando vai a elaborar os orzamentos?. O POS , faga reunión cos grupos municipais para presentar propostas medianamente consensuadas. Dende que chegamos a esta corporación, vostede non nos dixo nin bos días, ten unha incapacidade manifesta para o diálogo. O que non se negocia non se aproba.”

Contesta o Alcalde: “ Sempre me din que falo de máis e vostede di que non é así, e é curioso que o diga unha persoa que vai pola rúa e nunca lle falan , porque quizáis considera que é máis que o pobo chan.

Respecto a IxM, paso palabra, e respecto ao PP as cousas están ahí para velas e no arqueo había tanto diñeiro como deixaron.”

Sometido o asunto a votación o Pleno, por 5 votos a favor do grupo municipal do PSOE, e a abstención do resto dos grupos (2 de IxMuxía, 3 do PP e 1 do grupo Mixto) acorda:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	290172,61

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

CONCELLO DE MUXIA
 (A Coruña)

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					0

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
TOTAL					0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	290172,61				290172,61
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0	0	0	0	
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0	0	0	0	
TOTAL	290172,61	0	0	0	290172,61

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. (NON PROCEDE)

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan. (NON PROCEDE)

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

6.-Modificación de crédito por suplemento de crédito.

A secretaria comenta que todos os grupos municipais contan coa Proposta neste punto, dictaminada favorablemente pola comisión de Contas.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: “Presentaremos unha emenda a esta modificación orzamentaria (entrega copia da mesma aos integrantes do pleno, Interventora e Secretaria municipais),e consiste no aumento dun investimento máis. Trátase da auga de Suxo que xa preguntamos neste pleno.

O debate do punto queda interrompido uns minutos por protestas de Dna Sofía López e Dna Sandra Vilela ante as interrupcións do Alcalde na intervención de Dna Sandra Vilela.

Continúa Dna Sandra Vilela: Vostede o que intenta é que non se fale do que acabamos de propoñer. Quero que se inclúa a segunda fase da auga de Suxo. O PP sempre se acordou dos veciños e da auga de Suxo e agora, ante o olvido do goberno dos veciños de Suxo, pasadas as eleccións, volvemos a por sobre a mesa a auga de Suxo e esperamos que sexa aprobada a emenda de forma unánime.”

Intervén a Sra Interventora a petición da Alcaldía: “ Vaise ao remanente de crédito para financiar todo isto en vez de facer os orzamentos, e segundo cálculos que fixen quedaran de remanente aproximadamente 300.000 euros o que pode comprometer a tesourería municipal. Non hai impedimento formal para que poda incluírse isto sempre que sexa un gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte. Debe de terse prudencia no uso do Remanente”.

A secretaria manifesta que ademais debe terse en conta que estas inversións teñen que ser adxudicadas cando non rematadas antes deste exercicio para non ter problemas, e que non ten a seguridade de que poda ser así dado o avanzado do ano .”

A continuación intervén D Javier Sar: “ Non votaremos en contra da modificación porque hai unha partida de gastos de persoal obrigada pero non votaremos si, porque non estamos de acordo, van cousas que teñen que licitarse como o SAF, gastos da Festa do Mar que xas están feitos, etc.

Procede a leer parte do informe de Intervención.

Continúa: Vamos a seguir sen orzamento para 2024?

Seguidamente é o turno do grupo mixto-BNG, manifestando a súa voceira, Dna Merce Barrientos: “ Teño que desmentir ao PP xa que fun eu quen preguntou pola auga de Suxo no pleno de xuño e lembro que me respondeu o Sr Alcalde que en agosto faría un pleno para aprobar a auga de Suxo e ese foi o motivo de non pedir esta obra cando presentamos a solicitude de pleno extraordinario. Esperábase que neste pleno trouxese este punto e cando vimos que non o faría, preparamos unha moción de urxencia sobre este tema. Se o PP presenta esta fase votaremos a favor porque consideramos que isto ten unha demanda urxente que debe ser abordado o máis rápido posible.

En canto á estrada de Vilachán, falamos dela nos mítines electorais do BNG e díxonos que era complicado meter diñeiro nesta modificación de crédito porque había que facer un estudo, pedir permisos, proxecto técnico , etc.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

Tamén vai unha moción de urxencia. A proposta do BNG de emenda é que hai unha obra que sinceramente non cumpre os requisitos para ser urxente e acabar antes de fin de 2023 e é a pista polideportiva de Quintans, que esta mal pero tamén están mal outras, e habería que facer proxectos para arranxalas. A Deputación publica concesión de subvencións para equipamentos e instalacións deportivas e Muxía non está porque non as solicitou, e no pleno de xullo informei dunhas axudas do Ministerio para instalacións deportivas e tampouco se solicitou. Creo que debe repararse esa e outras pistas e que hai que consignalo no orzamento ou obter subvencións, e esos 45.000 euros son moi necesarios para outra obra, que segundo me informa un técnico custaría aproximadamente 50.000 euros. Non é que non queira que se arranxe a obra de Quintans e todas as demais pero prefiro que nesta modificación quede ese importe dispoñible para a estrada de Vilachán e como hai gasto excesivo, paréceme procedente eliminar esa partida.”

(Ausentase da sesión, previo permiso da Alcaldía Dna Sofía López ás 22,35h, volvendo a incorporarse ás 22,40 h aprox.)

Contesta o Sr Alcalde: “Ixm, aclárese, a semana pasada obrigoume a facer un pleno para obras e agora di que teñamos cuidado cos gastos que ímos facer. O PP dime cuidado co remanente e agora quere poñer a auga de Suxo. A Conselleira, Ethel prometeume unha subvención e quedamos en facer outra reunión. Naquel momento era campaña electoral e non era urxente e agora sí o é? Non vexo a diferenza. Isto parece unha competición, eu o preguntou primeiro, non que o preguntei eu... Realmente a primeira fase está feita e a levou a cabo este goberno, obtiven os permisos e leveina a cabo. Se levaba este asunto en maio era porque había tempo para licitar, adjudicar e efectuar a obra. Votei naquel momento SI e agora tamén o fago. Non engano á xente, de aprobarse naquel momento probablemente hoxe estaría executada.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: “ Foi a interventora quen dixo que hai que ter prudencia no uso do remanente e o que vostede ten que facer é o orzamento e as obras con cargo a remanente. Respecto ao de Ethel, non lembro exactamente en que data ven a pleno a auga de Suxo, creo que en 2021, e xa nel falou de que tiña un acordo con Augas de Galicia e aínda hoxe non chegou ese acordo, nin subvención, nin diñeiro. Se o diñeiro ven despois, non pasa nada. Vostede facía un pleno en campaña electoral sabendo que ata que houbera novo goberno non se podían facer trámites, o que quería era vender a moto. Tivo vostede tempo para aprobar esta obra e se era importante en maio, por que non a trouxo en xullo. Di vostede que hai que pedir permisos e ese proxecto, que leva feito mil anos, aínda non ten permisos?”

Contesta o Alcalde: “ ¿Vostede cree que pode executar a primeira fase sen permisos? Falo da licitación, os permisos están todos, en maio daríanos tempo e agora estamos máis xustos.”

Sométese a aprobación a emenda presentada polo PP, consistente en manter a modificación tal e como vai na Proposta, engadindo a inversión da Auga de Suxo (2ª Fase), aplicación orzamentaria 161/619,00, por importe de 250.000 € con cargo a Remanente.

Votan a favor da proposta os/as integrantes do g.m PP (3), PSOE (5) e Mixto-BNG(1), e a abstención do grupo IxM.

A emenda queda aceptada.

Seguidamente, sométese á votación a emenda presentada polo g.m. Mixto-BNG, consistente en eliminar da modificación a inversión de “Acondicionamento e reparación da pista polideportiva de Quintans”, aplicación orzamentaria 342/633,00.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

Votan a favor da emenda os/as integrantes dos g. m Mixto (1), PP(3) e IxM (2). Votan en contra os/as integrantes do g-m PSOE (5). A emenda queda aceptada.

Según o exposto, o Pleno acorda:

1- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ao respecto se considera máis adecuado.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
FESTEXOS	338/226.99	55.000€
INVERSIÓN, XESTIÓN DE RESIDUOS	162.2/625.00	10.000€
INVERSIÓN EN INSTALACIÓNS	920/623.00	19.460€
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	342/227.99	15.000€
ACTIVIDADES CULTURAIAS	334/227.99	10.000€
LIMPEZA EDUCACIÓN	323/227.00	20.000€
OUTROS TRABALLOS EDUCACIÓN	323/227.99	4.000€
SERVIZOS SOCIAIS. TRABALLOS EXTERNOS	231/227.99	170.000€
SUBVENCÍONS NOMINATIVAS. DEPORTES	341/480.00	38.000€
SOCIAL	231/489.03	500
EDUCACIÓN	323/49.03	1.000
CULTURAL	334/489.03	5.000
FESTEXOS POPULARES	338/489.03	20.000
PERSONAL LABORAL	920/130.00	100.000€

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

SEGURIDADE SOCIAL	920/160.00	50.000€
PERSOAL FUNCIONARIO URBANISMO	151/121.00	15.000€
SERVIZOS SOCIAIS PERSOAL FUNCIONARIO	231/120.06	15.000€
PERSOAL LABORAL CULTURA	330/130.00	2.533,95€
TRATAMENTO DE RESIDUOS	162.1/227.99	40.000€
MATERIAL ELECTRICO	165/227.99	25.000€
INVERSIÓN RÚAS REC	454/619.00	11.500€
MATERIAL ELÉCTRICO INVERSIÓN REC	165/619.00	22.223,77€
DEPORTES INVERSIÓN REC	342/633.00	5.050€
SANEAMENTO INVERSIÓN REC	160/619.00	15.755,05€
SEGUNDA FASE DO ABASTECEMENTODE AUGA A SUXO	161/619,00	250000€

TOTAL 920.022,77€

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

A financiación realizarase con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 715452.66
O importe total da modificación proposta ascende a 715452.66

2-Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

7.-Recoñecemento extraxudicial de crédito

A secretaria comenta que todos os grupos municipais contan coa Proposta neste punto, dictaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: “ Trae a aprobación 54.000 euros de facturas con reparo de intervención por distintos motivos, o procedemento para levar a cabo estes gastos non é correcto o que ven sendo habitual neste Concello. Hai facturas de abril e maio, facturas para puntos de alumeadado público, substitución de farolas, etc, co que estamos pagando parte da súa campaña electoral e ademáis saltando os procedementos, Creo que xa basta e votaremos en contra.”

Intervén seguidamente D. Javier Sar de (IxM): Máis do mesmo. Existe informe de reparo da intervención, asina contratos fóra de procedemento.”

O Alcalde responde: “ Non preguntou na informativa que pasaba con esas farolas e interésalle dicir que financiaba a campaña. En canto a IxM, un dos gastos, hai unha factura de camiños en San Martiño, de construción Paz Toruiñán, pois unhas señoras maiores de San Martiño un día de temporal vían como a súa casa estaba a ser atravesada por unha cascada de auga e o concelleiro de orbas estabamos alí, chamamos a esa empresa que tiña os recursos para solucionar o problema. Un membro da súa candidatura era familiar directo desas persoas e non estaba alí. As farolas arranxanse para que non caian sobre ninguén.”

D Javier Sar replica: “Non dixen que as obras estiveran mal feitas, e quen tiñan que estar ali é o Alcalde e o responsable de obras. Insinúa que esa persona non estaba alí porque quería que lles pasase algo ás outras persoas? Non ten vostede escrúpulos, é un inmoral con esas insinuacións”

Dna Sandra Vilela ,previo permiso da presidencia, ausentase da sala de sesións ás 23,20 ata as 23,30 aproximadamente.

O Alcalde contesta: “Eu non ando en temas raros, fai certas cousas en lugares segredos, eso é o inmoral.”

Intervén a continuación Dna Merce Barrientos: “ No pasado pleno trouxo arredor de 70.000euros fiscalizados de disconformidade pola intervención e agora trae 54.000 fiscalizados igualmente. No pleno de xullo nos abstivemos porque críamos que os provedores tiñan que cobrar, pero agora votaremos en contra. No pleno de xullo falei dunha señora moi maior que coida da súa nai dependente que vai ao centro de día, a quen unha pista que se encheu de auga anegoulle a vivenda e pediu axuda ao concello, falou con vostede e co concelleiro de obras e naide apareceu por alí ata que a señora chamou á TVG. Para min ten a mesma consideración a Sra de Merexo que a de San Martiño, as circunstancias eran similares e a súa actuación non o foi. Debe de ter, na súa dignidade de Alcalde, consideración e tratar por igual as demandas dos seus veciños. Despois de que operarios municipais

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

desbrozando romperan unha baixante e que a señora en cuestión reclamara, non se lle atendeu debidamente. O seu cargo acarrea esa responsabilidade que debe tramitar vostede adecuadamente.-"

Sometido o asunto a votación, o Pleno por 5 votos a favor do grupo municipal PSOE , dúas abstencións do grupo municipal IxM, e os votos en contra do g.m PP (3) e mixto-BNG (1), acorda.

- O levantamento do reparo da Intervención municipal.
- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito preciso, dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 por importe de 54528.82 €, e recoñecer as obrigas que se deriven del.

8.-Aprobación Conta Xeral 2022

A Secretaria explica que se somete a pleno a Conta Xeral 2022, exposta ao público durante o período regulamentario e dictaminada de conformidade pola Comisión de Contas.

Intervén Dna Sandra Vilela: "Votaremos a favor e que iso que non se entenda como apoio á xestión, son os números que hai e os trámites foron feitos."

Intervén D Javier Sar: "Este ano non formaba parte do goberno e hai informe de intervención que avisa de graves irregularidades."

Dna Merce Barrientos: "Abstereime porque esa relación de reparos no xustifica unha aprobación, hai que empezar a tramitar."

O Pleno , por 8 votos a favor do g. m PSOE (5) e PP(3), e a abstención do resto dos/as integrantes ao Pleno(3), acorda:

Aprobar definitivamente a conta Xeral 2022

9.-Dar conta de reparos e anomalías de ingresos 2022.

A Secretaria manifesta que se da conta ao Pleno dos reparos e anomalías de ingresos 2022.

O Pleno queda enterado.

10.-Dar conta envío extraxudicial 2º trimestre 2023, período medio de pago 2º trimestre 2023 e liñas fundamentais do orzamento 2024.

A secretaria informa que se da conta ao pleno do envío execución 2º trimestre 2023, período medio de pago (que é de 37,42 días) e liñas fundamentais do orzamento 2024.

O pleno queda enterado.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

11.-Plan estratéxico de subvencións 2023

Consta este asunto dictaminado pola Comisión de Contas, tendo todos os grupos políticos copia do Plan.

Intervén D Javier Sar: “Votaremos en contra porque quizais incorremos nunha ilegalidade. Este plan chega tarde, mal e arrastro. Tarde porque ten que estar feito a primeiros de ano, mal porque non é plurianual e arrastro porque se pagan subvencións sen telo aprobado, por exemplo a da Barca.”

Dna Merce Barrientos manifesta: “Temos a mesma opinión de que debería de estar aprobado no seu momento previo á concesión da subvención e máis se algunha xa está aboada. A redacción do Plan é chamativa, o apartado 6 dí (o Lee) e só menciona ás comisións e podería haber outras subvencións porque non se din os criterios se non o nome das asociacións e a cantidade. A intervención dí que a tramitación de subvencións non era ortodoxa por ir nominal e non en concurrencia. Non votaremos en contra porque iso suporía que non se percibirían fondos polas entidades e algunha xa fixo actividades.”

O Alcalde responde: “Asesoreime pola Intervención, pero cando non teña asesora para estes temas preguntarei á concelleira do BNG”.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por seis votos a favor de g. m PSOE (5) e mixto (1) e a abstención do resto acorda aprobar o Plan estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación:

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2023 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Muxía pretende subvencionar son as seguintes:

2023

Acción social: ASPADEX E ASOCIACIÓN CONTRA O CANCRO

Cultura: COMISIÓN DE FESTAS DA VIRXE DA BARCA, Asociación Cultural Xaramiños- Asociación Mulleres Encaixeiras de Muxia, -Club de Pensionistas-Asociación palilleiras Nosa Sra. Da Barca-Asociación Mulleres Rurais de Moraime-Asociación cultural Abaladeiras-Asociación polifónica coral Virxe da Barca Asociación Agro bello - Asociación veciños do Cotro-Asociación cultural recreativa amigos/as de Moraime: -Asociación cultural San

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

Roquiño do Monte-Asociación veciñal nosa Sra. Do Pilar-Asociación de veciños San Ciprián de Vilastose-Asociación vecinos San Cristobo de Nemiña-Asociación Cultural Sta Maria de Cabeza (Quintáns)-Asociación Virxe do Espiño (Trasufre)-Asociación veciñal Os Casteláns

Deportes: C.F MUXÍA Sociedade cinexética-Club de Xadrez Cabo Touriñán-Asociación Cultural Deportiva San Isidro

EDUCACIÓN: ANPA O ENFESTO DE MUXÍA E ANPA O FACHO DE OS MUÍÑOS

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidade de integración laboral e social. Web: www.concellomuxia.com

b) **Efectos pretendidos:** paliar as desigualdades sociais..

c) **Custos previsibles:** 4.100€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas para a realización da súa actividade.

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

D) Asociacións culturais

Obxectivos : impulsar a actividade cultural do municipio

Efectos: fomento da cultura, as tradicións e o ocio

Custos: 105.000€

Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo Cuarto dos Orzamentos

Plan de acción: colaboración no sostemento das actuacións de distintas asociacións culturais do municipio.

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para acelebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 38.000€

e) **Financiamento:** O financiamento levaranse a cabo con fondos propios con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

Artigo 10

En materia de EDUCACIÓN, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención: www.concellomuxia.com

A) Fomento de actuacións educativas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades educativas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter educativo, para a celebración de actividades desta natureza

b) **Efectos pretendidos:** Financiar todas aquelas actuacións que leven consigo favorecer a educación dos veciños

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

c) **Custos previsibles: 1.000€**

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** fomento da educación mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven a educación e a súa promoción.

Artigo 11

O Concelleiro competente por razón da materia ou o Alcalde no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 12

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte o Alcalde deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Anexos:

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Muxía para 2023 dentro do orzamento prorrogado do 2022

12.-Modificación anexo subvencións nominativas 2023 (BEO)

A secretaria explica que teñen copia desta proposta todos os grupos.

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Parécenos ben e é o que se ven facendo dende fai anos, dar subvencións ás asociacións de distinto tipo pero pido que lles chegue ás asociacións os fondos porque en anos anteriores viñeron ao pleno partidas para subvencións en concurrencia e nos chegaron, incluso un ano nin se convocaron, porque a concelleira de cultura non as convocou.”

Sometido o asunto a votación, o pleno, cos votos a favor de g.m PSOE (5), PP(3), e mixto-BNG (1) e a abstención de IxM (2) acorda:

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Partida	Entidade	Importe
231.48000	Aspadex	3.600,00€
231/489.03	Asociación contra o cancro	500€
338.48903	Festexos. Subvención a comisión das Festa da Romaría da Barca	80.000,00€
341.48903	C.F. Muxía	35.000€
341/480.00	Sociedade Cinexética	1.000€
341/480.00	Club de Xadrez Cabo Touriñán	1.000€
341/480.00	Asociación cultural deportiva San Isidro	1.000€
323/489.03	ANPA O ENFESTO DE MUXÍA	500
323/489.03	ANPA O FACHO DE OS MUÍÑOS	500
334/489.03	ASOCIACIÓN CULTURAL XARAMIÑOS	500
334/489.03	ASOCIACIÓN MULLERES ENCAIXEIRAS DE MUXÍA	500
334/489.03	CLUB DE PENSIONISTAS	1.000
334/489.03	ASOC. PALILLEIRAS NOSA SRA DA BARCA	1.000
334/489.03	ASOC MULLERES RURAIS DE MORAIME	500
334/489.03	ASOC CULTURAL ABALADEIRAS	500
334/489.03	ASOC POLIFÓNICA CORAL VIRXE DA BARCA	1.000
338/489.03	ASOCIACIÓN AGRO BELLO	2.000€
338/489.03	ASOC VECIÑOS DO COTRO	2.000€

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

338/489.03	ASOC CULTURAL RECREATIVA AMIGOS/AS DE MORAIME	2.000€
338/489.03	ASOC CULTURAL SAN ROQUIÑO DO MONTE	2.000€
338/489.03	ASOC VECIÑAL NOSA SEÑORA DO PILAR	2.000€
338/489.03	ASOC DE VECIÑOS SAN CIPRIÁN DE VILASTOSE	2.000€
338/489.03	ASOC DE VECIÑOS SAN CRISTOBO DE NEMIÑA	2.000€
338/489.03	ASOC CULTURAL SANTA MARÍA DE CABEZA	2.000€
338/489.03	ASOCIACIÓN VIRXE DO ESPÍÑO (TRASFRE)	2.000€
338/489.03	ASOCIACIÓN VECIÑAL OS CASTELÁNS	2.000€

Someter o acordo preceptivo a trámite de información pública por prazo de 15 días, durante os cales as persoas interesadas poderán presentar reclamacións, entendéndose definitivamente adoptado o acordo se non se presentasen.

13.-Delegación na Deputación Provincial facultades de control financeiro

Sen xerarse debate, e por unanimidade dos once membros que compoñen o pleno e polo tanto coa maioría requerida no art 47 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da delegación das seguintes funcións:

- O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.
- A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.

SEGUNDO.- Proceder a publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo mínimo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo.

TERCEIRO.- Proceder ao acordo definitivo do Pleno do Concello delegante, resolvendo no seu caso as alegacións presentadas, ou elevando a definitivo o acordo provisional, de non presentarse ningunha.

CUARTO.- Notificar á Deputación do acordo definitivo da delegación, achegando certificación expedida pola Secretaria do Concello delegante.

14.-Moción do PP sobre seguridade viaria en puntos negros do Concello

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

Sometida a votación, queda aprobada por unanimidade dos/as integrantes do Pleno, recolléndose a continuación:

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

1.-Que se realice un estudo por parte dos departamentos pertinentes do concello de Muxía (Policía Local, Arquitecto Técnico...) para que informen acerca de cales son as medidas máis eficaces que se deben levar a cabo para solucionar o problema de seguridade vial existente no cruce de A Condomiña e no cruce da rúa Manuel Lastres coa rúa Real.

2.-Que unha vez se teña coñecemento das medidas que teñen que acometerse para porlle solución a este problemas de seguridade vial, estas se leven a cabo de xeito inminente.

15.-Moción do PP para que se dote de luminaria a estrada DP-5201

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

D Javier Sar manifesta : “Estamos a favor da moción pero é unha estrada que pertence á Deputación Provincial e deben facerse as xestións ante ese organismo para que iso non fose feito a costa do Concello. Sandra, se se ten que facer a cargo do Concello, hai algún orzamento para saber o que vale?.

Contesta Dna Sandra Vilela: “Se esperamos pola Deputación Provincial seguramente tardará. Encanto ao que preguntas está claro que os proxectos ten que redactalos o Concello, e non é o mesmo que dixen o outro día, non é o mesmo facer un proxecto para formigonar que para limpar estradas.”

Dna Merce Barrientos intervén: “ Eu non falei de limpar estradas se non que dábamos a escoller ao goberno facer unha estrada de aglomerado e se non era viable polo menos que se limpasen.”

A moción é sometida a consideración do pleno que a aproba por unanimidade, e polo tanto acorda:

1.-Que se proceda dende os servizos técnicos do Concello ao estudo e redacción dun proxecto de obra para dotar de iluminaria a DP-5201 no tramo que vai ata o Campo de Fútbol que sexa compatible coas instalacións que establece Costas do Estado.

2.-Que unha vez redactado o proxecto que poda executarse segundo a normativa da zona, este sexa trasladado aos gruos municipais para o estudo dos custos e da intervención pretendida.

3.-Que esta obra sexa tida en conta unha vez que se leven a cabo os primeiros puntos desta moción e cara a inclusión da mesma nos futuros POS ou modificacións, sempre e cando o custo dela permita ser asumida polos mesmos

16.-Dar conta decretos de Alcaldía do 17 de xullo ao 15 de setembro 2023.

O Pleno queda enterado dos decretos de Alcaldía dictados entre o 17 de xullo e o 15 de setembro de 2023.

A Secretaria lembra ao Sr Alcalde o art 87-1 do ROF, sendo **as 24 h**.

O Sr. Alcalde levanta a sesión, quedando os asuntos pendentes para a súa inclusión no próximo pleno, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

En Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña